

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2023**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Diego Alcantarilla Rei  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy  
D. David López Saborido

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA ACCIDENTAL:**

D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e seis de setembro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy e don David López Saborido.

Asisten á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria accidental, D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DO DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2023 E Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2023**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria e urgente celebrada o día 15 de setembro de 2023 e á acta da sesión ordinaria celebrada o día 19 de setembro de 2023, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas a acta da sesión extraordinaria e urgente realizada en data 15 de setembro de 2023, e a acta da sesión ordinaria realizada en data 19 de setembro de 2023.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

Non se dá conta de ningún.

## **3.- PROPOSTAS**

### **3.1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADENDA AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “DEMOLICIÓN DE EDIFICIO SITO EN LUGAR DE OS CAMPÓNS. CASTROBÓ”. EXPEDIENTE NÚM. 2022/C003/000001**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 21 de setembro de 2023 (CVD: IDMWBXTNYt7Ub1Rrigki), que transcrita di:

**«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/000001 para a contratación da obra “Demolición de edificio sito en lugar de Campóns. Castrobó”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de maio de 2023 polo que se adjudicou a obra á empresa “Demoliciones Javier Ares, S.L.”, formalizándose o correspondente contrato con data 19 de maio de 2023.

Visto que con data 15 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde e o Plan de Xestión de Residuos, segundo establece a cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Visto que con data 13/09/2023 e con número de rexistro 202399900006051, Francisco Jesús Cobas Fernández, como coordinador de seguridade e saúde da obra “Demolición de edificio sito en lugar de Campóns, adxunta o informe favorable ao anexo 1 ao Adenda Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa adjudicataria en relación coa inclusión dunha plataforma elevadora móbil para a retirada dos ferros de fibrocemento existentes nas medianeiras do edificio, para os efectos de complementar o Plan de Seguridade e Saúde, aprobado con data 08/06/2023.

Visto, o informe favorable emitido pola arquitecta técnica municipal interina con data de 19/09/2023 (CVD: IBNHmrvr4aStQFeCy32v) no que entre outras cousas di:

“(…)

*Visto el informe favorable emitido por el Coordinador de Seguridad y Salud para la aprobación del Anexo al Plan de Seguridad y Salud aportado por la empresa contratista de la obra de referencia (registro de entrada 2023/999/6051, de fecha 08/06/2023), y en función del art. 7.2 del “Real Decreto 1627/1997 por el que se establecen las disposiciones mínimas de seguridad y salud en las obras de construcción”, EMITO INFORME FAVORABLE para su aprobación.*

(…)”

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a Adenda ao Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa “Demoliciones Javier Ares, S.L.”, para a execución da obra denominada “Demolición de edificio sito en lugar de Campóns. Castrobó”, (expediente: 2022/C003/000001).

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa “Demoliciones Javier Ares, S.L.”, a dona María Morán Castillo, arquitecta colegiada COAG 2.592, directora desta obra, á empresa coordinadora de seguridade e saúde (Gallega de coordinaciones, S.L.) como á de control de calidade (3C Calidad y Control, S.C.G).

**Terceiro:** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TDeC, á arquitecta técnica municipal interina para o seu coñecemento e a efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 21 de setembro de 2023 (CVD: IDMWBXTNYt7Ub1Rrigki), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### **3.2. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN E DIRECCIÓN DA OBRA DE REPOSICIÓN DO CÉSPEDE SINTÉTICO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE LENDOIRO E MELLORA DA ILUMINACIÓN NOS CAMPOS DE LENDOIRO E DANI MALLO, ASÍ COMO PARA O LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO E ANÁLISE DA ACTUAL BASE DO CAMPO DE FÚTBOL. EXPEDIENTE NÚM. 2022/C004/000015**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 21 de setembro de 2023 (CVD: x0F5GqvB09KWpCteSg8r), que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C004/000015 para a adxudicación do “Servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección da obra de reposición do céspede sintético do campo de fútbol municipal de Lendoiro e mellora da iluminación nos campos de Lendoiro e Dani Mallo, así como para o levantamento topográfico e análise da actual base do campo de fútbol”.

Visto os acordos do órgano de asistencia adoptados en sesión celebrada con data do 22.05.2023, reanudada con data do 31.05.2023 (CVD: ZIQYe6gyRJIZO/nZjV4S) verbo da valoración dos criterios de adxudicación, así como da proposta de adxudicación a prol do único licitador presentado nesta licitación, CALDERON Y ASOCIADOS INGENIERÍA MEDIOAMBIENTAL, S.L.P. co CIF: B70062583, cun importe de 35.925,95 euros sen IVA (43.470,40 euros IVA incluído).

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade de secretaria xeral, con data do 12.09.2023 (CVD: gdLiO2ZsX7Hkq5+3mhPe), en cuxa consideracións se sinala:

“(…)

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

##### **Primeira.- Normativa aplicable.**

Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
  - Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.
  - Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
  - Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)
- **Segundo.-** Con carácter previo á aprobación deste expediente, a técnica que subscribe xa emitiu informe desfavorable con data do 14.04.2023, coa conformidade da secretaria xeral (CVD: 4SI0MQH6pLHRT2oK9lrH), en base aos argumentos expostos na súa consideración xurídica sexta, nos que me ratifico e non reproduzo neste momento en aras dunha maior brevidade deste informe.
- **Cuarta.-** Se ben o criterio desfavorable da que subscribe quedou exposto, de ser outro o criterio do órgano de contratación, faise constar que, examinada a documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario conforme á cláusula 17 do PCAP, así como os datos obrantes no certificado de inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público que constan no expediente, despréndese que o licitador acredita a súa personalidade e capacidade, solvencia económica, así como estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa seguridade social (tanto na data final de presentación de ofertas como na data actual) e no cumprimento das súas obrigas tributarias á data actual. Consta tamén no expediente declaración responsable de non estar incurso o licitador en prohibición de contratar, requisito que tamén consta no certificado de inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público.
- Respecto da solvencia técnica e solvencia adicional, na acta do órgano de asistencia celebrado con data do 09.08.2023 (CVD: DvZ2v2apFk3KAM17ubY1), entre outras cousas, díse:
- 
- "(...) con fecha 14.07.2023 se emitiu informe por la arquitecta técnica municipal (CVD: k26IBjoOA0Y6RiU2LAeA), que dice:

- **Solvencia técnica y profesional:**

Relación de los principales servicios o trabajos realizados de igual y similar naturaleza que los que constituyen el objeto del contrato en el curso de, como máximo los tres últimos años, en la que se indique el importe, la fecha y el destinatario, público o privado de los mismos, acreditados mediante certificados expedidos o visados por el órgano competente, cuando el destinatario sea una entidad del sector público.

Se aporta la relación de los principales servicios o trabajos realizados de igual y similar naturaleza que los que constituyen el objeto del contrato en el curso.

En esta relación no viene referido el importe, pero si que viene referido en cada uno de los certificados expedidos por los órganos competentes del sector público.

Se considerará que el licitador acreditó su solvencia técnica cuando el importe anual acumulado en el año de mayor ejecución sea igual o superior al 70% de la anualidad media del contrato.

El año de mayor ejecución del contratista es el año 2021 según el certificado emitido por el Registrador de la Propiedad Mercantil, Enrique Rajoy Brey, de fecha 02/05/2023, del cierre del ejercicio económico de esta empresa a 31/012/2022, en el que consta el volumen de negocios de los años 2021 y 2022.

AÑO 2021: 31.926.27€  
IMPORTE DEL CONTRATO: 26.757,42€  
DURACIÓN TOTAL: 67 DÍAS

LEVANTAMIENTO TOPOGRÁFICO: 7 DÍAS  
ESTUDIO BASE CÉSPED: 15 DÍAS  
REDACCIÓN PROYECTO: 45 DÍAS

70% ANUALIDAD MEDIA DEL CONTRATO SERÁ REFERIDA AL IMPORTE TOTAL DEL CONTRATO YA QUE LA DURACIÓN DEL MISMO ES MENOR A UN AÑO:  $26.757,42 \times 0.70 = 18.730,20€$ .

ANUALIDAD DEL CONTRATISTA:  $31.926.27€ > 18.730,20€$

Se considerarán servicios de igual o similar naturaleza, a efectos de acreditación del importe anterior, y de conformidad con lo establecido en el artículo 90.1.a) de la LCSP, aquellos servicios cuyos tres primeros dígitos de los códigos CPV sean "712", y vengán referidos a este tipo de servicios.

Los servicios acreditados por el contratista son de igual naturaleza que los de la adjudicación, pero, la que subscribe, no los ve referidos al código CPV "712",

**Requisitos adicionales de solvencia:**

El adjudicatario adscribe a la ejecución de este servicio personal capacitado para la ejecución del contrato en un número igual o superior a los siguientes profesionales, que se adscriben al equipo con el carácter de técnicos y personal auxiliar mínimo según se relaciona a continuación: El personal del equipo mínimo a adscribir a los trabajos será:

X 1 Arquitecto ó Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos

X 1 Ingeniero Industrial

X 1 Delineante proyectista

X 1 Arquitecto o Ingeniero de caminos, canales y puertos, menor de 35 años, para apoyo y refuerzo en la fase de redacción de proyectos

El Arquitecto ó Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos contará con la siguiente experiencia mínima:

- Realización de DOS proyectos de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias. CONSTA

- Dirección de DOS obras de campos de fútbol de dimensiones reglamentaria. CONSTA

El Ingeniero Industrial contará con la siguiente experiencia mínima:

- Realización de DOS proyectos de iluminación de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias: CONSTA.

- Dirección de DOS obras de instalaciones de iluminación de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias: NO CONSTA (SOLO CONSTA UNA).

La acreditación de los medios personales se efectuará mediante:

- Copia del contrato formalizado o, en su caso, del documento firmado por la persona que ejecutará el servicio, comprometiéndose a trabajar en el servicio adjudicado a la empresa. CONSTA

- Justificante, en su caso, de estar dado de alta en la seguridad social. CONSTA CERTIFICADO DE ESTAR AL CORRIENTE EN LAS OBLIGACIONES DE LA SEGURIDAD SOCIAL DE CALDERON&ASOCIADOS, S.L.P. DE 09/06/2023.

- Justificación de la experiencia mediante certificados expedidos o visados por el órgano competente, cuando el destinatario sea una entidad del sector público: CONSTA.

(...)"

A la vista del informe parcialmente transcrito, por la técnica de gestión de administración general se solicita que por la arquitecta técnica se aclare si informa favorablemente la solvencia técnica y la solvencia adicional exigidas conforme a las cláusula 10 y 17 del PCAP pues, a su entender, dicho informe adolece de una conclusión clara al respecto.

La arquitecta técnica manifiesta que el licitador acredita su solvencia técnica si bien no acredita la solvencia adicional en tanto que solamente ha acreditado, como experiencia mínima del ingeniero industrial, una dirección de una obra de instalación de iluminación de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias.

A la vista de cuanto antecede, el órgano de asistencia acuerda ortorgar un plazo de 3 días naturales para que subsane la documentación requerida conforme a la cláusula 17 del PCAP, relativa a:

- (...).

- documentación justificativa respecto de la dirección de una obra de instalación de iluminación de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias por el ingeniero industrial (a mayores de la ya acreditada).

Con data do 04.09.2023 a arquitecta técnica interina emitiu informe (CVD: fVklf+vZUf7uWdHx2CFu) no que, entre outras cousas, di:

"(...)



En lo que a la parte técnica me compete, se revisa la documentación presentada por la empresa licitadora por registro de entrada el día 05/09/2023 y que consta de:

- 1) Declaración responsable que los miembros del equipo técnico de CALDERON & ASOCIADOS INGENIERIA SLP, el arquitecto D. Francisco Javier Carballo Pérez, con D.N.I. 34.970.156J, colegiado COAG 2616 y el ingeniero industrial Álvaro Calderón Carrero DNI: 32.796.831-G colegiado nº 893, han formado equipo técnico multidisciplinar en los siguientes trabajos y cumplen con la experiencia del equipo mínimo requerido por el contrato.
- 2) Notificación de la resolución 576/2021 de 09/03/2021 que se transcribe literalmente: " Vías e Obras EXPEDIENTE.- 2021/G003/000629 PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos RESOLUCIÓN Asunto: HONORARIOS DIRECCIÓN DE OBRA PARA LA RENOVACIÓN DEL SISTEMA DE CÉSPED SINTÉTICO , SUSTITUCIÓN DE INSTALACIONES Y MEJORA DEL ENTORNO DEL CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MEICENDE ; AMANCIO AMARO Y LUIS SUÁREZ.CONCELLO DE ARTEIXO Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña) o señor Concelleiro de Medio Urbano, D. José Antonio Calvelo Añón, no exercicio das competencias que lle foron conferidas na Resolución da Alcaldía nº 1546/2020 de data 10 de Xullo do 2020, modificada pola Resolución n.º 3056/2020 de 18 de Decembro do mesmo ano, ante min, Secretario Xeral, dita a autorización de gasto para os honorarios dirección obra da "Renovación césped sintético, sustitución de instalaciones y mejora entorno campo fútbol municipal Meicende"
- 3) Certificación del Técnico Medio de Deportes del Ayuntamiento de Arteixo, de las características del contrato de dirección de obra del Proyecto de renovación del sistema de césped sintético, sustitución de instalaciones y mejora del entorno del Campo de Fútbol Municipal de Meicende, Amancio Amaro y Luis Suárez.: "Los Servicios Municipales de Deportes del Ayto de Arteixo, certifican que en el contrato de DIRECCIÓN DE OBRA DEL PROYECTO DENOMINADO: RENOVACIÓN DEL SISTEMA DE CÉSPED SINTÉTICO , SUSTITUCIÓN DE INSTALACIONES Y MEJORA DEL ENTORNO DEL CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MEICENDE ; AMANCIO AMARO Y LUIS SUÁREZ. CONCELLO DE ARTEIXO EXPEDIENTE.- 2021/G003/000629, SE INCLUIA EN LA DIRECCION DE OBRA REALIZADA POR LOS TÉCNICOS DE CALDERON & ASOCIADO9S INGENIERIA MEDIOAMBIENTAL SLP (CIF: B70062583) EN LA SUSTITUCION DE INSTALACIONES LA RENOVACION INTEGRAL DEL SISTEMA DE ILUMINACION DEL CAMPO DE FUTBOL DE DIMENSIONES REGLAMENTARAS DE MEICENDE (CAMPO GRANDE) ", de fecha 07/08/2023.

La documentación aportada (a mayores de la ya acreditada), justifica la dirección de obra de instalación de iluminación de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias por el ingeniero industrial Álvaro Calderón Carrero con DNI: 32.796.831-G y colegiado nº 893.

(...)"

O licitador non acredita estar ao corrente coas débedas tributarias na data de presentación de ofertas (05.05.2023).

Igualmente, indícase que no momento de redactar este informe non consta incorporado ao expediente o informe emitido pola tesourería municipal no que se xustifique que o licitador está ao corrente coa facenda municipal (tanto na data actual como na data de presentación de ofertas).

Así mesmo, no caso de ser outro o criterio do órgano de contratación, infórmase da necesidade de incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola intervención municipal.

#### CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, **infórmase desfavorablemente** a adxudicación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección da obra de reposición do céspede sintético do campo de fútbol municipal de Lendoiro e mellora da iluminación nos campos de Lendoiro e Dani Mallo, así como para o levantamento topográfico e análise da actual base do campo de fútbol.(...)"

Visto o informe de fiscalización desfavorable sen efecto suspensivo emitido pola interventora municipal con data do 19.09.2023 (CVD: XHBrorJalrJTOsA6THyu), que transcrito di:

**INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR ASISTENCIA TECNICA FASE D/2023**

**ASUNTO:** FISCALIZACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN (FASE D) DO CONTRATO DE SERVIZO “ASISTENCIA TÉCNICA PARA LA REDACCIÓN DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN Y DIRECCIÓN DE OBRA DE REPOSICIÓN DEL CÉSPED SINTÉTICO DEL CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE LENDOIRO Y MEJORA DE ILUMINACIÓN EN LOS CAMPOS DE LENDOIRO Y DANI MALLO, ASÍ COMO PARA EL LEVANTAMIENTO TOPOGRÁFICO Y ANÁLISIS DE LA ACTUAL BASE DEL CAMPO DE FÚTBOL”.  
**EXPEDIENTE:** 2022/C004/000015

**A. DATOS DEL EXPEDIENTE:**

**Obxecto do contrato:** concretar as prescricións técnicas que deberán cumprirse na redacción do proxecto básico e de execución, e a dirección da obra de "Reposición do céspede sintético do campo de fútbol municipal de Lendoiro e mellora da iluminación nos campos de fútbol de Lendoiro e Dani Mallo, Cambre". Considéranse en todo caso incluídos dentro do obxecto do contrato tanto o correspondente levantamento topográfico como a análise da actual base do campo de fútbol, datos necesarios e imprescindibles para poder redactar o proxecto obxecto do presente contrato (cláusula 3.1 PCA (CVD: VOH/9II1InjK6NpNPSdD)

**Importe adxudicación:** 35.925,95 euros sin IVA (43.470,40 euros IVA incluído).

**Aplicación presupuestaria:** 2023.342.619.00 (documento contable A número de operación 220230005759 e número de referencia 22022002280 por importe e saldo de 36.568,47 € e documento contable A número de operación 220230005760 e número de referencia 22022002281 por importe e saldo de 8.027,23 €)

**Prazo máximo de execución do contrato:** (cláusula 9 de PCA (CVD: VOH/9II1InjK6NpNPSdD )

- Levantamento topográfico 7 días desde a firma do contrato
- Estudo da base do céspede 15 días desde a firma do contrato
- Redacción Proxecto Básico e de Execución 45 días desde a firma do contrato
- Dirección de obra en función do prazo de execución da obra

**Prórrogas:** non

**Procedimento de contratación:** procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.6 LCSP) con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática.

**Tramitación (ordinaria, urgencia o de emergencia):** ordinaria

**PCA:** PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DO ARTIGO 159.6 DA LCSP, CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA, DO SERVIZO DE “ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN E DIRECCIÓN DE OBRA DE REPOSICIÓN DO CÉSPEDE SINTÉTICO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE LENDOIRO E MELLORA DE ILUMINACIÓN NOS CAMPOS DE LENDOIRO E DANI MALLO, ASÍ COMO PARA O LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO E ANÁLISE DA ACTUAL BASE DO CAMPO DE FÚTBOL”. EXPEDIENTE: 2022/C004/000015. (CVD: VOH/9II1InjK6NpNPSdD), aprobado na sesión da Xunta de Goberno Local de 18.04.2023.

**PPT:** PREGO DE PRESCRICIONES TÉCNICAS QUE REXERÁN PARA A CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN E DIRECCIÓN DE OBRA DE "REPOSICIÓN DO CÉSPEDE SINTÉTICO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE LENDOIRO E MELLORA DE ILUMINACIÓN NOS CAMPOS DE LENDOIRO E DANI MALLO.

CAMBRE.". (CVD: rQ/pTPdWt2IUX+XpDuTN), aprobado na sesión da Xunta de Goberno Local de 18.04.2023.

**Órgano competente:** Alcaldía (Disposición Adicional Segunda.1 LCSP: valor estimado (36.855,95 € (cláusula 4 PCA < 10% recursos ordinarios orzamento do Concello de Cambre para o exercicio 2023 a salvo das delegacións que puidera ter outorgadas noutros órganos municipais.)

**Lexislación aplicable:**

- Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril.
- Real decreto legislativo 781/86, polo que se aproba ou Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba ou Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Real decreto 500/90, polo que se aproba ou regulamento orzamentario.
- Lei 5/97 de administración local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro polo que se aproba a lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001 polo que se aproba ou regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.
- RD 817/2009, de 8 de maio polo que se desenrola parcialmente a lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público
- Lei 2/2011, do 4 de marzo de economía sustentable.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**B. ASPECTOS COMPROBADOS**

Comprobase		Aspectos Comprobados	Cumprimento		
SI	NON		SI	NON	Non aplicable
X		Existencia de crédito presupuestario (art.219 TRLRHL). (documento contable A número de operación 220230005759 e número de referencia 22022002280 por importe e saldo de 36.568,47 € e documento contable A número de operación 220230005760 e número de referencia 22022002281 por importe e saldo de 8.027,23 €)	X		
X		Ao tratarse de gastos con financiamento afectado, que os recursos que os financian son executivos e que se acredita a súa efectividade coa existencia de documentos fidedignos. (Arts. 173.6 e 219 TRLHL)			X
X		O crédito proposto é adecuado á natureza do gasto (art.219 TRLRHL).	X		
X		A competencia do órgano de contratación (art.219 TRLRHL).	X		
X		O exercicio da función interventora comprenderá, entre outras, a fase de fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores Informe de fiscalización fase A referencia JUA 135/2023 – REPARO 35 R asinado o 17.04.2023 (CVD: GTJ4CmOOpGx3k5K24yJu)	X*.A		

**C. OTROS ASPECTOS COMPROBADOS**

Comprobase		Aspectos Comprobados	Cumprimento		
SI	NON		SI	NON	Non aplicable



SI	NON		SI	NON	Non aplicable
X		O prazo para a presentación de proposicións non poderá ser inferior a dez días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante. Non obstante o anterior, cando se trate de compras correntes de bens dispoñibles no mercado o prazo será de 5 días hábiles (art. 159.6.a LCSP)	X		
X		Eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional (art. 159.6.b LCSP)			X*.B
X		A oferta entregárase nun único sobre ou arquivo electrónico e avaliarase, en todo caso, conforme criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos (art. 159.6.c LCSP)		X*.C	
X		A valoración das ofertas poderase efectuar automaticamente mediante dispositivos informáticos, ou coa colaboración dunha unidade técnica que auxilie ao órgano de contratación. (art. 159.6.d LCSP)  Tendo en cuenta que de conformidade co establecido no art. 326.1 in fine, da LCSP no presente procedemento NON se constituirá a Mesa de Contratación, o órgano de contratación estará auxiliado por unha unidade técnica formada pola técnica de xestión de administración xeral adscrita a Contratación e polos/as técnicos/as que se designen da área de urbanismo, quen procederá á apertura dos sobres presentados polos licitadores, e á valoración das ofertas presentadas (cláusula 16.1 PCA). ACTA DO ÓRGANO DE ASISTENCIA (UNIDADE TÉCNICA CLÁUSULA 15 PCAP), asinada o 02.06.2023 (CVD: ZIQYe6gyRJIZO/nZjV4S)  ACTA DO ÓRGANO DE ASISTENCIA (UNIDADE TÉCNICA CLÁUSULA 15 PCAP), asinada o 01.09.2023 (CVD: DvZ2v2apFk3KAM17ubY1)	X		
X		As ofertas presentadas e a documentación relativa á valoración das mesmas serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen restrición algunha desde o momento en que se notifique a adxudicación do contrato (art. 159.6.e LCSP)	X		
X		Non se requirirá a constitución de garantía definitiva (art. 159.6.f LCSP)	X		
X		A formalización do contrato poderá efectuarse mediante a firma de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación (art. 159.6.g LCSP)			X

#### D. RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

[ ] Fiscalizado favorablemente

[ X ] Fiscalizado **desfavorablemente sen efectos suspensivos**

**X\*.A:** o resultado da fiscalización da fase A (JUA 135/2023 – REPARO 35 R asinado o 17.04.2023 (CVD: GTJ4CmOOpGx3k5K24yJu) foi, á vista do informe emitido pola técnico de xestión de Administración Xeral co conforme da secretaria municipal (CVD: 4SE0MQH6plHRT2oK9lrH), desfavorable sen efectos suspensivos.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**X\*.B:** O procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.6 LCSP) poderá eximir aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional. No procedemento que se somete a fiscalización a cláusula 10.2 do PCA (CVD: VOH/9II1InjK6NpNPSdD) establece uns requisitos de solvencia técnica e profesional que respectan a LCSP. Nembargantes, os requisitos adicionais de solvencia recollidos na cláusula 10.3 do PCA son desproporcionados con respecto a contía e natureza do contrato circunstancia que limita a concurrencia e, polo tanto, vulnera o artigo 1 da LCSP (...la contratación del sector público, a fin de garantizar que la misma se ajusta a los principios de libertad de acceso a las licitaciones, publicidad y transparencia de los procedimientos, y no discriminación e igualdad de trato entre los licitadores...).

**X\*.C:** O criterio de adjudicación *EXPERIENCIA DEL EQUIPO TÉCNICO MÍNIMO REQUERIDO* definido na cláusula 12.B.2 do PCA (CVD: VOH/9II1InjK6NpNPSdD) non é un criterio cuxa valoración se poida efectuar automáticamente mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos por canto, previamente, débese comprobar que o/s licitador/es achegan os certificados expedidos ou visados polo órgano competente (cando o destinatario sexa unha entidade do sector público) así como, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso. En consecuencia, incúmprese o artigo 159.6.c da LCSP.

**Advirto por escrito** que, de conformidade coa cláusula 10.3, 12 e 19.2 do PCA:

**"10.3. Requisitos adicionales de solvencia:**

*El adjudicatario adscribirá a la ejecución de este servicio personal capacitado para la ejecución del contrato en un número igual o superior a los siguientes profesionales, que se adscriben al equipo con el carácter de técnicos y personal auxiliar mínimo según se relaciona a continuación:*

*El personal del equipo mínimo a adscribir a los trabajos será:*

- 1 Arquitecto ó Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos
- 1 Ingeniero Industrial • 1 Delineante proyectista
- 1 Arquitecto o Ingeniero de caminos, canales y puertos, menor de 35 años, para apoyo y refuerzo en la fase de redacción de proyectos

*El Arquitecto ó Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos contará con la siguiente experiencia mínima:*

- Realización de DOS proyectos de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias.
- Dirección de DOS obras de campos de fútbol de dimensiones reglamentaria.

*El Ingeniero Industrial contará con la siguiente experiencia mínima:*

- Realización de DOS proyectos de iluminación de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias
- Dirección de DOS obras de instalaciones de iluminación de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias

*La acreditación de los medios personales se efectuará mediante:*

- Copia del contrato formalizado o, en su caso, del documento firmado por la persona que ejecutará el servicio, comprometiéndose a trabajar en el servicio adjudicado a la empresa.
- Justificante, en su caso, de estar dado de alta en la seguridad social.
- Justificación de la experiencia mediante certificados expedidos o visados por el órgano competente, cuando el destinatario sea una entidad del sector público; cuando el destinatario sea un sujeto privado, mediante un certificado expedido por este o, a falta de este

certificado, mediante una declaración del empresario acompañado de los documentos obrantes en poder del mismo que acrediten la realización de la prestación; en su caso.

(...)

## 12. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

Se hace constar expresamente que el cumplimiento de los compromisos adquiridos en cada uno de los apartados que son objeto de puntuación, por el licitador que resulte adjudicatario, constituyen obligaciones esenciales del presente contrato, cuyo incumplimiento podrá dar lugar a la resolución del contrato por causa imputable al contratista, con las consecuencias previstas en la legislación contractual administrativa (...)

(...)

19.2.- Con carácter previo a la ejecución, el responsable del contrato requerirá al contratista para que aporte los contratos debidamente formalizados con aquel personal del cual se hubiera aportado el compromiso de adscripción al servicio.(...)"

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, na que presentou oferta un único licitador:

LICITADOR	NÚM. IDENTIFICACIÓN	FECHA Y HORA DE PRESENTACIÓN
Calderon y Asociados Ingeniería Medioambiental, S.L.P.	B70062583	05/05/2023 23:59:00

**Segundo:** De conformidade cos acordos adoptados polo órgano de asistencia en sesión celebrada con data do 22.05.2023, reanudada con data do 31.05.2023 (CVD: ZIQYe6gyRJIZO/nZjV4S), admitir a proposición presentada por "Calderon y Asociados Ingeniería Medioambiental, S.L.P." á licitación "Servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección da obra de reposición do céspede sintético do campo de fútbol municipal de Lendoiro e mellora da iluminación nos campos de Lendoiro e Dani Mallo, así como para o levantamento topográfico e análise da actual base do campo de fútbol" por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 12 e 13 do PCAP e achegar debidamente cubertos os modelos de declaración responsable e de proposición segundo os Anexos II e III do prego, outorgándolle á súa oferta a seguinte puntuación final:

CALDERÓN Y ASOCIADOS INGENIERÍA MEDIOAMBIENTAL, S.L.P.	PUNTUACIÓN
OFERTA ECONÓMICA	38,10
PROYECTOS ARQUITECTO	8
DIRECCIONES DE OBRA ARQUITECTO	6
PROYECTOS INGENIERO	2
DIRECCIONES DE OBRA INGENIERO	0
<b>TOTAL</b>	<b>54,10</b>

**Terceiro:** Adjudicar o contrato de "Servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección da obra de reposición do céspede sintético do campo de fútbol municipal de Lendoiro e mellora da iluminación nos campos de Lendoiro e Dani Mallo, así como para o levantamento topográfico e análise da actual base do campo de fútbol", a favor do licitador "**Calderon y Asociados Ingeniería Medioambiental, S.L.P.**", co CIF: B70062583, no prezo ofertado de 35.925,95,00 euros sen IVE (43.470,40 euros IVE incluído), por ser a única entidade admitida e cumprir todos os requisitos establecidos no PCAP.

**Cuarto:** Designar como responsable do contrato ao enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, Óscar Souto Muiño, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, de conformidade coa cláusula 19 do PCAP.

**Quinto:** Notificar este acordo ao único licitador presentado e publicar a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

**Sexto:** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEdC, ao responsable do contrato para o seu coñecemento e a efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 21 de setembro de 2023 (CVD: x0F5GqvB09KWpCteSg8r), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### **3.3. PROPOSTA DE NON DIVISIÓN EN LOTES DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO POS+ ADICIONAL 2/2023**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 22 de setembro de 2023 (CVD: eEN3emTqIbUCVTjxZJCQ), que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

O Pleno municipal, en sesión extraordinaria do día 21 de setembro de 2023, aprobou o POS+ Adicional 2/2023.

Segundo a base 5.B.2.4 das reguladoras do Plan, no suposto de que os investimentos sexan susceptibles de división en lotes, pero o concello opte por non dividilos e incluílos no Plan para a súa adxudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación no Plan, a resolución ou acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou doutra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes, de acordo co previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, segundo o modelo do anexo IX.

Visto o informe técnico asinado pola arquitecta técnica interina o 1 de setembro de 2023 (CVD: oLjTVrPNes5O4fCIm23U), sobre o investimento “*Ordenación e urbanización espazo público na contorna do apeadeiro Cecebre*”.

Visto o informe técnico asinado pola arquitecta técnica interina o 1 de setembro de 2023 (CVD: K8VbiyAa+/CtKCo46cQC), sobre o investimento “*Reforma do parque infantil na rúa Francisco Rodríguez (Cambre)*”.

Visto o informe técnico asinado pola arquitecta técnica interina o 1 de setembro de 2023 (CVD: uFIQI+kJNz4Z9NknqLXv), sobre o investimento "Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Fase 0 (O Temple)".

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.11713/2023, do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** De conformidade co informe técnico asinado pola arquitecta técnica interina o 1 de setembro de 2023 (CVD: oLjTVrPNes5O4fCIm23U), acordar:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no POS+ Adicional 2/2023 cos datos que se indican:

<b>Denominación do investimento</b>	Ordenación e urbanización espazo público na contorna do apeadeiro Cecebre
<b>Orzamento de contrata do investimento</b>	381.868,05 €

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións.

**Segundo.-** De conformidade co informe técnico asinado pola arquitecta técnica interina o 1 de setembro de 2023 (CVD: K8VblyAa+/CtKCo46cQC), acordar:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no POS+ Adicional 2/2023 cos datos que se indican:

<b>Denominación do investimento</b>	Reforma do parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)
<b>Orzamento de contrata do investimento</b>	144.757,06 €

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións.

**Terceiro.-** De conformidade co informe técnico arquitecta técnica interina o 1 de setembro de 2023 (CVD: uFIQI+kJNz4Z9NknqLXv), acordar:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no POS+ Adicional 2/2023 cos datos que se indican:

<b>Denominación do investimento</b>	Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Fase 0 (O Temple)
<b>Orzamento de contrata do investimento</b>	199.187,43 €



2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

- Dificultaría a correcta execución do investimento para acadar unha correcta execución.
- Xeraría unha perda de rendementos, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes partes por unha pluralidade de contratistas distintos, tendo en conta que o ámbito de actuación no que se constitúe o proxecto é de pequena amplitude.

**Cuarto.-** Dar traslado ao Departamento de Obras e Servizos para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 22 de setembro de 2023 (CVD: eEN3emTqlbUCVTjxZJCQ), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 15 ao 21 de setembro de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1496/2023 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1536/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1496/2023	15/09/2023	Inadmisión a trámite de solicitude de responsabilidade patrimonial por non ser o Concello de Cambre a administración competente para resolver
1497/2023	15/09/2023	Proposta de aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de agosto e o seu pagamento.
1498/2023	15/09/2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de setembro de 2023
1499/2023	15/09/2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.C.V.S.. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1500/2023	15/09/2023	Levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal nos expedientes de contratación, tramitados como contratos menores, relativos ao evento "Open Science Cambre" (expedientes TEDeC 2023/C002/000077 Carpa Domo, 2023/C002/000078 Son e megafonía, 2023/C002/000079 Carpas e complementos, 2023/C002/000080 seguridade nocturna e 2023/C002/000081 Baños químicos portátiles)
1501/2023	15/09/2023	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 15 de setembro de 2023
1502/2023	15/09/2023	Orde de execución aos herdeiros de E.V.V. e de E.A.C. para que procedan á roza de finca sita en Brexo Cambre
1503/2023	15/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a M.P.N.G. para a poda das tullas existentes en fina sita en Sarnoso, Brexo
1504/2023	15/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a M.J.Q.R. para a xestión da biomasa existente na finca sita en Seoane, Anceis
1505/2023	15/09/2023	Adxudicación do contrato de servizo de vixilancia nocturna para o evento Open Science Cambre a "Trisquel Protección y Seguridad" no importe de 1395,88 € (IVE incluído)
1506/2023	15/09/2023	Adxudicación do contrato de subministración baños químicos portátiles

		para evento Open Science Cambre a "Suministros Generales Manufacturados, S.L." no importe de 390,35 € (IVE incluído)
1507/2023	15/09/2023	Adxudicación do contrato do servizo de megafonía e son para evento Open Science Cambre a "Maik Cazenave Cantón" no importe de 2902,64 euros (IVE incluído)
1508/2023	15/09/2023	Adxudicación do contrato de subministración da Carpa Domo para evento Open Science Cambre a "Hebe Sport, S.L." no importe de 6860,70 euros (IVE incluído)
1509/2023	18/09/2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 21 de setembro de 2023
1510/2023	18/09/2023	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas da axenda de verán do Programa de Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2023
1511/2023	18/09/2023	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal de data 21 de setembro de 2023
1512/2023	18/09/2023	Prórroga da licenza de autorización de ocupación de vía pública en Bosque Animado, 28
1513/2023	18/09/2023	Adxudicación da subministración de libros para a mellora das coleccións das bibliotecas municipais a "Librería Lume", no importe de 2575,11€ (IVE incluído)
1514/2023	19/09/2023	Denegación de alta de A.G.C.no padrón municipal de habitantes ao quedar acreditado no expediente que non reside no domicilio declarado
1515/2023	19/09/2023	Incoación de expediente de orde de execución polo estado da parcela sita en Lugar de Fabás, Pravio. Propiedade. I.I.C.S.A.
1516/2023	19/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a E.G.L. para a poda e roza da vexetación existente en finca sita no lugar do Souto, Sigrás
1517/2023	19/09/2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.A.V. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1518/2023	20/09/2023	Baixa de oficio no padrón de habitantes de R.S.H.C., F.M., S e M.L.
1519/2023	20/09/2023	Concesión axudas incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "PROXEDIS Cambre" 2022/2023
1520/2023	20/09/2023	Expedientes de multas de tráfico - Resolución Sancionadora
1521/2023	20/09/2023	Inicio de expediente sancionador a F.G.C. por presunta comisión de infracción moi grave, consistente no exercicio de actividade de café bar na rúa Polígono superando os límites sonoros en horario nocturno
1522/2023	20/09/2023	Expedientes de multas de tráfico – Acordos de inicio
1523/2023	20/09/2023	Orde de execución aos herdeiros de J.I.B. e a F.G.I. para que reparen un tramo de muro derrubado en finca sita en Seoane, Anceis, no prazo de 1 mes, con advertencia de execución subsidiaria e multas en caso de incumprimento
1524/2023	20/09/2023	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística a M.G.C. e M.J.G.C. co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente da división horizontal de finca sita no Temple, sen título habilitante
1525/2023	20/09/2023	Licenza de parcelación de finca sita en Barral - Bribes en dúas parcelas de 927 m <sup>2</sup> e 208 m <sup>2</sup> co fin de cedela ao Concello para viarios. Promotor: V.G.C.
1526/2023	20/09/2023	Denegación de tarxeta de estacionamento para persoas con



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		discapacidade por non acreditar problemas de mobilidade a O.B.G.
1527/2023	20/09/2023	Licenza de ocupación de vía pública por obras de rehabilitación de bufardas na rúa Valiña
1528/2023	20/09/2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.P.V.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1529/2023	21/09/2023	Asignación de número a parcela e vivenda sita no lugar de Peirairo, Bribes, a instancia de J.L.L.R.
1530/2023	21/09/2023	Baixa de oficio no padrón de habitantes de R.A.C.M.
1531/2023	21/09/2023	Aprobación da xestión padroal (baixas por troco de residencia, duplicidade e falecemento) xuño 2023.
1532/2023	21/09/2023	Asignación de número a parcela e vivenda sita no lugar de Meixigo, a instancia de B.C.P.
1533/2023	21/09/2023	Asignación de número a parcela e vivenda sita na Xira, Sigrás, a instancia de A.R.F.
1534/2023	21/09/2023	Aprobación da xestión padroal (altas, trocos domicilio, modificación de datos, renovación e comprobación estranxeiros) do mes de xuño de 2023
1535/2023	21/09/2023	Denegación de axuda de emerxencia social (alimentos) a Z.B.H.
1536/2023	21/09/2023	Delegación de competencia na concelleira Patricia María Parcero Quiñoy para a celebración de matrimonio civil o día 23 de setembro de 2023 ás 13:00 h.

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López